


*tod@men@merece unha familia... en días*

  
**ACOUGO**  
Asociación galega de familias de acollida

# BOLETÍN *febreiro*



# ACOUGO nos medios de comunicación



## Non se coida o que no se coñece...

Dende ACOUGO queremos poñer un gran énfase na difusión das cuestións que nos afectan: o sistema de protección e os nenos, nenas e adolescentes que forman parte deste complexo engranaxe que envolve aos nosos protagonistas, os NNA.

Por iso, traballamos para que, a través das redes sociais e doutros medios de comunicación, as necesidades e problemas do sistema de protección sexan coñecidos e comprendidos por toda a sociedade.

Este enfoque pretende dar visibilidade á realidade dos NNA e mellorar a súa situación a través dun maior entendemento da súa situación.

### RADIO VOZ: Un café con Eva

Radio Voz é un dos espazos máis recorrentes e onde temos máis oportunidade de dar a coñecer a realidade dos nenos, nenas e adolescentes. Todos os xoves, Carmen Dourado, a nosa directora, tómase o café con Eva e tratan os temas de actualidade máis importantes para nós.

[Convidámosvos a escoitalo!](#)

### elCorreoGallego

Urxen á Xunta a non enviar a centros tutelados a nenos, nenas e adolescentes de menos de 6 anos. "O acollemento familiar é a mellor medida do sistema de protección da infancia e a que menos se coñece", lamenta Carmen Dourado.

## Medios

# outras novas

Casi 52.000 nenos, nenas e adolescentes medran no sistema de protección en España.

Casi 52.000 nenos, nenas e adolescentes están a crecer no sistema de protección en España. No último ano, medrou lixeiramente o número de nenos, nenas e adolescentes que se atenden cunha medida de protección, pasando de 51.203 a 51.972.

O acollemento familiar (51%) continúa sendo máis frecuente que o acollemento residencial (49%). Actualmente, hai 18.097 acollementos familiares e 17.112 residenciais.

[Aldeas infantiles sos](#)

A comarca conta con 17 familias acolledoras, pero fan falta máis.

Na actualidade, a comarca conta con 17 familias acolledoras, pero fan falta máis. A rede de familias acolledoras na comunidade galega está composta por 335 familias, que fan posible que bebés, nenos, nenas e adolescentes teñan un fogar temporal mentres non poden estar cos seus proxenitores.

[diariodeferrol.com](#)

Nai de acollida de seis bebés en dous anos: "Todos os nenos tutelados chegan cunha gran mochila a súas espaldas".

Na actualidade, en España hai 594 nenos, nenas e adolescentes de até 3 anos e outros 606 de entre catro e seis anos, que medran en residencias.

Olvido Macías: "Para ser familia de acollida non hai que ser nin millonario, nin superhéroe".

[ABC.es](#)

O noso traballo



# A importancia de formar parte de ASEAF.

## Reunión con María Jesús Sábada

Formar parte de ASEAF, como entidade nacional, é fundamental para a nosa asociación, xa que nos permite manter unha conexión estreita co resto das entidades que traballan no ámbito da protección da infancia en todo o territorio. ASEAF axúdanos a traballar de forma conxunta e a cordinar os nosos esforzos para mellorar a atención aos nenos, nenas e adolescentes.

O pasado 12 de febreiro tivemos a visita de Chus, representante de ASEAF, quen se achegou á nosa asociación para coñecer de primeira man como estamos traballando e para ofrecernos o seu apoio. Foi unha oportunidade valiosa para reforzar os lazos que nos unen a ASEAF e para recibir orientación que nos permita seguir mellorando cada día. Agradecemos a ASEAF por estar ao noso lado e por brindarnos o seu respaldo para seguir avanzando na defensa dos dereitos dos NNA.

## O noso traballo

### Formación voluntariado

O sábado 22 de febreiro tivemos unha xornada de formación para o noso voluntariado, un aspecto fundamental para a nosa asociación. O traballo do persoal voluntario é transversal en todas as áreas da nosa actividade, e representa un porcentaxe moi alto da labor que realizamos en ACOUGO.

A formación dos voluntarios é esencial, xa que permite que coñezan en profundidade o sistema da infancia e o acollemento familiar. É importante que todos os voluntarios teñan as ferramentas e os coñecementos necesarios para poder actuar de forma adecuada e eficaz, sempre no mellor interese dos nenos, nenas e adolescentes que acompañamos.

Agradecemos a todos os voluntarios que se implican no noso proxecto, e seguimos traballando para que teñan o apoio e a formación necesaria para desenvolver a súa labor de maneira profesional e comprometida.



[info@acougo.gal](mailto:info@acougo.gal)

O noso traballo

plataforma de  
organizacions  
de **infancia**  
*galicia*



# ASAMBLEA XERAL DA POIG

## A forza do traballo conxunto

Esta semana tivemos unha reunión na POIG, un espazo fundamental para o intercambio de ideas, recursos e boas prácticas entre as entidades que traballamos pola infancia e a mocidade en Galicia. A reunión serviu para reforzar a importancia de traballar de maneira conxunta, pois só así podemos conseguir melloras nos resultados na defensa dos

dereitos dos nenos, nenas e adolescentes.

Unha das boas novas que destacamos na reunión é que xa somos 48 as entidades que formamos parte de esta plataforma, o que pon de manifesto o crecemento e o fortalecemento de movemento en defensa dos dereitos da infancia en Galicia. Cando ACOUGO entro na POIG, as entidades que a conformaban eran só a metade, o que reflicte o éxito desta colaboración e a concienciación crecente sobre a importancia de sumar forzas.

O noso traballo

acollendo

acollemento

## Sensibilización nos coles

Este mes continuamos o noso traballo nos colexios, nesta ocasión no IES Miraflores de Oleiros, cunhas novas xornadas do manifesto "Acollendo o acollemento". Este manifesto supón un acordo de colaboración onde ACOUGO ponse á disposición dos centros educativos para sensibilizar e incidir na realidade do acollemento familiar.

Queremos tamén destacar que, para levar a cabo estas iniciativas nos centros educativos, sempre é unha gran axuda contar co apoio das familias como mediadoras. A súa participación activa facilita a sensibilización e contribúe a crear un ambiente de maior comprensión e apoio na comunidade escolar. Por iso, animamos aos centros a que se poñan en contacto connosco se desexan que imos á súa comunidade educativa.





11 e 17 de Febreiro

# xuntanzas en familia

Coñeces a realidade do acollemento familiar en Galicia? Tes inquiredanzas ou dúbidas sobre o acollemento familiar?

Para resolver estas cuestións e dar resposta a todas as dúbidas, organizamos as Xuntanzas en Familia, un espazo onde podemos falar de todo o relacionado co acollemento familiar. Este mes, celebramos dúas xuntanzas, o 11 e o 17 de febreiro, nas que profundizamos na realidade do acollemento e nos distintos tipos que existen.

Ademáis, aproveitamos para presentar algúns dos grandes proxectos da nosa asociación, como o Curso en Familia, as Familias Referentes, as Familias Corresponsables e o noso programa de Voluntariado. Tamén falamos dos servizos que ofrecemos, que están pensados para dar apoio especializado ás familias e mellorar a calidade do acollemento.

Estas xuntanzas foron unha oportunidade para coñecer mellor o noso ámbito de actuación en Galicia e resolver calquera dúbida que puideran ter os participantes sobre o sistema de protección e acollemento familiar.



## O noso traballo

Retomamos este novo ano...

# o clube de lectura

Sen medo a voar, de Simone Biles

Gústache a lectura e as historias de superación? Anímate a participar no noso club de lectura sobre Sen medo a voar, a inspiradora autobiografía de Simone Biles, a lenda da ximnasia que, ademais de ser campioa olímpica, tamén foi nena de acollida.

📖 Dous clubs simultáneos!

🌟 Para adolescentes

🌟 Para persoas adultas

Reunirémonos cada 15 días para compartir impresións e descubrir xuntos os retos aos que tivo que enfrontarse Simone ao longo da súa vida.

📅 17 Primeira sesión: Xoves 13 de marzo

🕒 18:00h

📍 Onde? Online

💬 Se che interesa, escríbenos para apuntarte ou para máis información! Non perdas a oportunidade de deixarche inspirar por esta gran historia 🌟🌟



[forms.office.com](https://forms.office.com)



# Próximas actividades

12 marzo

**CHARLAS INFORMATIVAS DE FISIOTERAPIA NO CATARRO COMÚN NA INFANCIA**

Realizaranse diferentes charlas sobre temas relacionados co catarro común e o manexo básico que poden realizar as familias no fogar.

**PRIMEIRA CHARLA:**

Diferenzas anatómicas do sistema respiratorio no infante e implicacións nas infeccións respiratorias e no catarro común

A charla será o vindeiro 12 de Marzo ás 17:00 nos Espazo Amizar. Rúa Gregorio Hernández, 2-4, 15011 A Coruña Teléfono de contacto: 687 861 741

Terá unha duración aproximada de 30-45 minutos e poderase consultar calquera dúbida

Para facilitar a asistencia, na actividade ofrecerase **Servicio de Conciliación**

FISIOTERAPIA NO CATARRO  
ESPAZO AMIZAR  
A CORUÑA



[forms.office.com](https://forms.office.com)

19 marzo

**CHARLAS INFORMATIVAS DE FISIOTERAPIA NO CATARRO COMÚN NA INFANCIA**

Realizaranse diferentes charlas sobre temas relacionados co catarro común e o manexo básico que poden realizar as familias no fogar.

**SEGUNDA CHARLA:**

Posibilidades terapéuticas para o manexo de nenos con infeccións respiratorias e catarro común

A charla será o vindeiro 19 de Marzo ás 17:00 nos Espazo Amizar. Rúa Gregorio Hernández, 2-4, 15011 A Coruña Teléfono de contacto: 687 861 741

Terá unha duración aproximada de 30-45 minutos e poderase consultar calquera dúbida

Para facilitar a asistencia, na actividade ofrecerase **Servicio de Conciliación**

FISIOTERÁPIA NO CATARRO  
ESPAZO AMIZAR  
A CORUÑA



[forms.office.com](https://forms.office.com)

Programa para Familias, accesible e inclusivo (V Ed.)

20 marzo Información sobre **ACOLLEMENTO FAMILIAR**

*todo nos@ mesa unha familia... ou dúas*

**Xoves 20 marzo ás 17:30 horas**

Inscripción por whatsapp: 698 187 960

En: Ribeira Sacra, 9. Novo Mesoiro



FORMACIÓN  
ACOLLEMENTO FAMILIAR  
NOVO MESOIRO  
Ribeira Sacra, 9.

698 187 960





1

Moitas grazas pola túa  
colaboración e apoio á  
entidade.

## contáctanos

Rúa Manuel María, 6  
CP: 15705  
Santiago de Compostela  
+34 622 672 188  
@acougo.gal  
info@acougo.gal  
www.acougo.gal